

### ACTA III

**Acta do Tribunal encargado da creación de bolsa de agarda para o posto de Mestre/a da especialidade ENAE0108 MONTAXE E MANTEMENTO DE INSTALACIÓNS SOLARES FOTOVOLTAICAS DO OBRADOIRO DE EMPREGO "RENOVA VII". Fase de baremación.**

No Centro de Formación e Emprego do Concello de Ames, sito en Aldea Nova, sendo as 9:00 horas do día 9 de abril do 2025, reúnese o Tribunal encargado da creación de bolsa de agarda para o posto de Mestre/a da especialidade ENAE0108 MONTAXE E MANTEMENTO DE INSTALACIÓNS SOLARES FOTOVOLTAICAS DO OBRADOIRO DE EMPREGO "RENOVA VII", comparecendo os seguintes membros:

**Presidente:** Pablo Bello Nieto, Concello de Ames.

**Secretaria:** Dolores Landeira Liñares, Concello de Brión.

**Vogais:**

Juan Carlos Carreja Iglesias, Concello de Ames.

Ana Sánchez, Fontán, Concello de Brión.

María Lloves Castro, Concello de Ames.

**Obxecto da sesión:**

Constitúe o obxecto da presente sesión a revisión e baremación dos méritos acreditados polos candidatos que asistiron e realizaron previamente a entrevista do proceso para a creación de bolsa de agarda para o posto de mestre/a da especialidade ENAE0108.

**Resultado da revisión da documentación e méritos acreditados:**

Á vista das acreditacións documentais, este Tribunal non pode determinar con certeza a adecuación dos candidatos presentados aos requirimentos esixidos no Certificado de Profesionalidade "Montaxe e mantemento de instalacións solares fotovoltaicas (ENAE0108)"

Ante esta situación, solicitaranse instrucións á Sección de Obradoiros de Emprego (Servizo de Formación e Cualificación para o Emprego, Departamento Territorial da Coruña, Consellería de Emprego, Comercio e Emigración) para a posible validación ou non dalgún dos candidatos a efectos de proceder a elaboración definitiva da bolsa de agarda de "Mestre/a da especialidade ENAE0108 MONTAXE E MANTEMENTO DE INSTALACIÓNS SOLARES FOTOVOLTAICAS DO OBRADOIRO DE EMPREGO "RENOVA VII".

Cumprido o obxecto da reunión, dáse por rematado o acto, sendo as 10:15 horas do día de referencia, do que se estende a presente acta que asinan os señores asistentes.